

Campaña de sensibilización sobre a presenza de lixo no litoral de Vilanova de Arousa

Resultados do proxecto



Antecedentes

A Confraría de Pescadores "A Pastoriza" de Vilanova de Arousa xunto coa "Agrupación de marisqueo a pé e a de a flote" e participaron no proxecto promovido polo CETMAR durante o período 2019-2020.



Marine Litter Style cuxo obxectivo principal é

protexer o mar e os seus recursos
reducindo o lixo mariño e
aplicando procesos de economía
circular aos residuos da actividade
pesqueira e portuaria (plásticos
alimentarios, aparellos en desuso e
lixos mariños recollidos polos
barcos pesqueiros), estudando o
potencial de reciclado/valorización
dos mesmos como materiais para o
desenvolvemento de produtos para
a industria téxtil (pezas,
complementos, accesorios, etc

MLStyle

Reciclado de lixo mariño e residuos inorgánicos para a industria téxtil



Resultados MLStyle


Durante o período de execución do proxecto MLStyle (Xuño 2019-Agosto 2020) recolléronse un total de 732,378 Kg de residuos de diferentes tipoloxías que se agrupaban nas seguintes categorías: **Plástico, Goma, Téxtil, Papel/Cartón, Metal, Vidro, Cerámica, Sanitarios e Outros.**

Dentro de cada categoría incluíanse diferentes residuos sendo cada unidade recollida de residuo un item.


Nas seguintes táboas recóllese a Evolución de recollida pasiva de lixo mariño no marisqueo a pé e a Evolución acumulada de lixo mariño por datas.

			Acumulado	
	Items	Kg	Items	Kg
14/06/19	63	21,89	63	21,89
27/06/19	157	19,56	220	41,45
12/07/19	301	45,26	521	86,71
30/07/19	312	103,85	833	190,56
16/08/19	437	179,318	1270	369,878
13/09/19	250	90,5	1520	460,378
25/10/19	302	52,175	1822	512,553
19/11/19	148	19,39	1970	531,943
19/12/19	413	79,4	2383	611,343
31/01/20	436	54,685	2819	666,028
06/03/20	156	41,35	2975	707,378
05/08/20	112	25	3087	732,378

MLStyle
Evolución recollida pasiva lixo mariño



MLStyle
Evolución acumulada lixo mariño



Proxecto «Campaña de sensibilización sobre a presenza de lixo no litoral de Vilanova»



A Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa e as mariscadoras a pé, concienciadas pola problemática do lixo mariño, inician a **Campaña de sensibilización sobre a presenza de lixo no litoral de Vilanova**

O MAR PRECISA DE NÓS. POR TI,
POR TODOS, POR UN MAR SEN LIXO



Proxecto colectivo para a protección e recuperación da biodiversidade dos ecosistemas mariños no marco de actividades económicas sustentables mediante a recollida de residuos mariños



Proxecto cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)



Cal é o impacto das artes de pesca perdidas ou abandonadas?

- **Medio ambiente:** Os leitos mariños están contaminados e a biodiversidade diminúe
- **Benestar dos animais:** pesca fantasma, contaminación química
- **Saúde humana:** toxicidade na cadea alimentaria
- **Economía:** perda de ingresos para o sector da pesca, perdas para o sector da navegación, menos turismo.

Que pode facer o sector pesqueiro?

- Adoptar unhas **boas prácticas** de manexo das artes de pesca, ferramentas e equipos que emprega para que non acaben perdidos ou abandonados no mar.
- **Responsabilizarse no manexo de residuos en terra e no mar:** portos, lonxas, embarcacións, marisqueo na praia.
- Empregar e demandar **materiais máis sostibles.**



Imaxe cedida por Manuel E. Garci



A agrupación de mariscadoras/es a pé da Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa inician un proxecto de pesca de lixo pasiva durante a súa actividade normal de marisqueo.

O proxecto “Campaña de sensibilización sobre a presenza de lixo no litoral de Vilanova” iniciado pola Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa e a agrupación de marisqueo a pé enmárcase no Plan MarLimp, un programa para a protección e recuperación da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante a recollida de residuos no marco de actividades de pesca sostibles.

As accións deste proxecto deséñanse como continuación das realizadas durante a vixencia do proxecto ML-Style.

O obxectivo deste programa é acadar unha redución significativa do lixo mariño nas costas galegas no ano 2020, integrando as Boas Prácticas nas actividades marítimas, asegurando que os resultados se manteñen máis aló do período de execución do Plan.

Plan MARLIMPO da Consellería do Mar



No proxecto “Campaña de sensibilización sobre a presenza de lixo no litoral de Vilanova” enmárcanse as seguintes liñas de actuación:

Liña de actuación A:

Accións para reducir a cantidade de lixo mariño e mitigar a pesca pantasma mediante a implicación das embarcacións pesqueiras e persoas pescadoras e mariscadoras a pé, na súa recollida no mar ou no intermareal:

Liña A.2: Pesca de lixo pasiva polas embarcacións pesqueiras e persoas pescadoras que recollen os residuos que veñen a bordo nos aparellos durante as faenas ordinarias de pesca, ou polas persoas mariscadores a pé durante a súa actividade normal de marisqueo.

Liña A2.2: Recollida de lixo pasiva polas persoas mariscadoras a pé durante a súa actividade normal de marisqueo.

As mariscadoras/es sensibilizadas coa problemática do lixo mariño e ante a acumulación de residuos nas zonas de produción, xa viñan recollendo o lixo que atopaban nas súas xornadas de marisqueo para depositalo nos contedores habilitados no porto.

Con este proxecto retoman a recollida de lixo durante as súas xornadas de traballo e o día 4 de novembro realízase unha recollida máis numerosa cuxos datos se indican a continuación, sendo caracterizados e cuantificados o día 19 de novembro segundo o formulario de rexistro de datos de recolla de lixo mariño (formulario 2e)




Total recollida lixo mariño

250 Items


59 KGs

Data recollida dende o 4/11/2020
Data cuantificación e caracterización 19/11/2020

	Items	Peso (kg)
Plástico	130	24,95
Téxtil	12	4,75
Metal	10	1,2
Goma	24	6,9
Vidro/cerámica	15	2,05
Produtos "naturais"	48	19
Outro-variado	2	0,15



Evolución recollida pasiva lixo mariño en Vilanova 2019-2020



Xornada de acompañamento nun día de marisqueo a pé na zona das Sinas o día 4 de novembro.

Nesta xornada informouse ás mariscadoras e aos mariscadores do proxecto no que participan e animouse a retomar a recollida pasiva de lixo, realizouse unha reportaxe fotográfica e presenciouse todo o percorrido dende a praia ata a lonxa e o depósito do lixo nos contedores no porto de Vilanova.





Liña de actuación B: Accións para mellorar a concienciación ambiental, a formación e a colaboración entre os actores marítimo-pesqueiros:

B.1. Accións formativas ou de aprendizaxe relacionadas coa concienciación ambiental do sector e promoción de boas prácticas de manexo e xestión de residuos a bordo ou en terra, que axuden á redución das cantidades de lixo no mar e na costa.

Xornada Formativa en formato on line o 22 de decembro de 2020 en horario de 11:30 a 13:30

Nesta sesión formativa participaron 10 persoas entre mariscadoras/mariscadores a pé, asistencia técnica da confraría e representante da empresa Arcea.





Contidos da sesión formativa:

Parte I.

Problemática global do lixo mariño

- 1) O lixo mariño en España
 - a. Composición e orixe
 - b. Programas de seguimento de lixo mariño en praias. Caso concreto da praia de A Lanzada. Tipo de lixo e orixe.
 - c. Comparativa entre diferentes demarcacións marítimas en España.
- 2) Fontes de orixe dos lixos e a súa incorporación ao medio mariño. Orixe terrestre e marítima. Prevención.
- 3) Tipos de plásticos. Vida útil dos diferentes tipos de lixos mariños.
- 4) Os microplásticos e a súa entrada na cadea alimentaria.
- 5) Artes de pesca abandonadas ou perdidas. A súa representatividade no medio do lixo mariño
- 6) Impacto dos lixos mariños no medio, na bioloxía das especies, na saúde humana e impacto socioeconómico.
- 7) Accións emprendidas por parte da Unión Europea e da Consellería do Mar.
- 8) Boas prácticas para a redución do lixo mariño por parte do sector: marisqueo a pé e dende embarcación, pesca de baixura, lonxa e comercializadores, depuradoras de bivalvos, bateiros, conserveiras e recomendacións para a hostalaría e cidadanía.
- 9) Campañas de sensibilización e divulgación sobre a problemática do lixo mariño levadas a cabo por diferentes entidades..

Parte II.

Operatividade na recollida de lixo mariño


- 10) Caracterización do lixo mariño: plásticos, madeira, metais, vidro, caucho, telas, papel e cartón, residuos hixiénico-sanitarios, restos ou desfeitos da actividade pesqueira. Guía OSPAR.
- 11) Material e equipamento necesario para a recollida de lixo mariño.
- 12) Formularios para a recollida pasiva de lixo mariño para marisqueo a pé. Cuantificación e clasificación por tipoloxía de lixo e item.
- 13) Recollida e rexistro de datos. Ferramentas para o rexistro dos datos de recollida. Os datos recollidos utilízanse polos organismos públicos xestores do medio mariño e costeiro nos programas de seguimento dos lixos mariños requiridos pola Directiva Marco sobre a Estratexia Mariña e a Lei de Protección do Medio Mariño. Ferramentas desenvolvidas noutros proxectos: App Marnoba.
- 14) Operatividade para a recollida de lixo mariño: marisqueo a pé.
- 15) Xestión en terra do lixo recollido: contedores.
- 16) Medidas preventivas de seguridade e saúde no traballo a ter en conta na recollida de lixo mariño por parte do colectivo de mariscadoras/es a pé.
- 17) Tipo de lixo ante a nova situación provocada pola Covid-19 e a súa axeitada reciclaxe.

**Liña de actuación B:
Accións para mellorar a
concienciación ambiental,
a formación e a
colaboración entre os
actores marítimo-
pesqueiros:**

B.2. Elaboración de materiais educativos, de divulgación e sensibilización sobre a problemática do lixo mariño orientado aos axentes marítimo-pesqueiros, incluíndo exposicións como soporte para a educación e divulgación dirixido ás comunidades costeiras.

Con este proxecto a Confraría de pescadores de Vilanova e a agrupación de marisqueo a pé ademais pretenden concienciar e sensibilizar da problemática do lixo mariño a todo o sector pesqueiro pertencente á Confraría de Pescadores de Vilanova de Arousa (mariscadoras/es, pescadores/as, persoal de lonxa), compradores/as, empresas distribuidoras, transportistas, etc., cuxa actividade está vinculada á Lonxa de Vilanova así como a outros sectores do mar (depuradoras de marisco, bateeiros, industria conserveira) sector da hostalaría e ao resto da cidadanía. Para elo, ademais das accións de recollida de lixo mariño e como medida de sensibilización, elaborouse o seguinte material divulgativo





**A PASTORIZA**
Cofradía de Pescadores

A Confraría de pescadores de Vilanova de Arousa e as mariscadoras a pé, concienciadas pola problemática do lixo mariño, inician a **Campaña de sensibilización sobre a presenza de lixo no litoral de Vilanova**

O MAR PRECISA DE NÓS. POR TI, POR TODOS,

POR UN MAR SEN LIXO





Unión Europea
Fondo Europeo
Marítimo e da Pesca
(FEMP)



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

Proxecto cofinanciado nun 70% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP)

8 millóns de toneladas ao ano!!!

Ao ano vértense máis de 8 millóns de toneladas de lixo ao océano, equivalente ao peso de **320.000 camións** a carga máxima. Do total do lixo mariño que chega aos océanos, arredor dun **90% son plásticos**. O **80%** do lixo mariño é de **orixe terrestre**. O **20%** do lixo mariño ten como **orixe os propios océanos**: actividades recreativas, acuicultura, cruceros, pesca comercial e deportiva.

Composición de macrolixo



- Plástico (80%)
- Papel/cartón (12%)
- Residuos hixiénico-sanitarios (7%)
- Metal (4%)
- Madeira (traballada) (4%)
- Cerámica (1,3%)
- Roupa-Téxtil (0,8%)
- Vidro (0,8%)
- Goma (0,6%)
- Residuos médicos (0,3%)
- Pezas de parafina ou cera (0,1%)
- Feces (0,1%)

Orixe do lixo mariño



- Agricultura (1%)
- Pesca (3%)
- Sanitarios (9%)
- Navegación (14%)
- Turismo (25%)
- Outros (48%)

Demarcación noratlántica



- Agricultura (0,3%)
- Pesca (4,7%)
- Sanitarios (6,4%)
- Navegación (21,4%)
- Turismo (17,4%)
- Outros (49,8%)

Fonte: Informes sobre basuras mariñas nas prais españolas 2013-2017 MITECO.

Cal é o impacto dos microplásticos?

Os plásticos no mar degrádanse fragmentándose nos microplásticos.

Invista por especies mariñas, transferencia trófica, bioacumulación, liberación de contaminantes químicos ao medio mariño, degradación de hábitats mariños.

Cales son as medidas para evitar/diminuír o lixo no mar?

Prevenção de fontes marítimas, terrestres, retirada de lixo mariño, sensibilización e concienciación da cidadanía.



Sabes canto tarda en desaparecer o lixo no mar?



Como chegan ao mar?

Abrasión (rotos en anacos pérdense na auga)
Abandono voluntario
Accidentes

Dos 8 millóns de toneladas de plásticos que entran ao mar cada ano, unha grande cantidade son de artes de pesca

27% do lixo mariño proven de artes de pesca

20% das artes de pesca da UE pérdense ou desbótanse no mar. En todo o mundo iso son 640.000 toneladas cada ano

Só o 1,5% dos equipos de pesca desgastados son reciclados



Ademáis elaborouse unha nota de prensa que se enviou a diferentes medios de prensa escrita e ao Concello de Vilanova de Arousa.

Difusión do proxecto a:
mariscadoras/es a pé e a
flote, sector pesqueiro de
baixura, persoal de lonxa e
compradores, transportistas,
sector bateeiro, depuradoras
de marisco, empresas
conserveiras, sector da
hostalaría e cidadanía en
xeral



Liña de actuación B: Accións para mellorar a concienciación ambiental, a formación e a colaboración entre os actores marítimo-pesqueiros:

B.2. Encontros que fomenten a colaboración entre os distintos actores marítimo-pesqueiros.

Presentáronse algunhas ferramentas para o rexistro de datos de recollidas de lixo mariño que se realizan no litoral español, como a APP Marnoba, realizada pola Asociación Vertidos Cero.

Liña de actuación B: Accións para mellorar a concienciación ambiental, a formación e a colaboración entre os actores marítimo-pesqueiros:

B.4. Desenvolvemento de ferramentas tecnolóxicas para o seguimento, avaliación, xestión, difusión e comunicación da información recollida.

Objetivo

Plataforma MARNOPA tiene como objetivo la recopilación de información útil y contrastable para abordar de una manera global la problemática de las basuras marinas.

Los datos recogidos se utilizan por los organismos públicos gestores del medio marino y costero en los programas de seguimiento de las basuras marinas requeridos por la Directiva Marco sobre la Estrategia Marina y la Ley de Protección del Medio Marino.

Guía de uso de la app Marnoba

Se consideran "basuras marinas" materiales tales como: plásticos, madera procesada, metales, vidrio, caucho, telas, papel y cartón, residuos higiénico-sanitarios, etc., incluyendo los derivados o desechados de la actividad pesquera.


1 Descarga la app MARNOPA desde Google Play o App Store. MARNOPA es gratuita.



2 Identifícate como usuario. Introduce tu e-mail y tu nombre, o el de la organización a la que perteneces.




3 Selecciona el tipo de caracterización: playas, fondos (buceadores o barcos arrastreros) o basuras flotantes (observación desde embarcaciones).




4 Identifica dónde estás (recuerda activar el GPS de tu móvil).



5 Registra los residuos que encuentres en el formulario.



6 Pesa los objetos recogidos y sepáralos para su correcta gestión ayudándote del código de colores del formulario.



7 Información adicional. Facilita esta información siempre que sea posible.



8 Envía la información y datos recopilados cuando tengas conexión, llegará a tu mail junto con el enlace al visor donde puedes ver tus datos y los de todos los colaboradores de MARNOPA.



Gracias por tu colaboración

www.marnoba.com

O lixo recollido nas limpezaas pasivas é depositado nos contedores existentes no porto de Vilanova cuxa recollida e xestión é responsabilidade de Portos de Galicia.



Liña de actuación D:
Accións para a xestión de residuos mariños: Almacenamento e recollida de residuos por xestor autorizado

Esquema operativo da recollida do lixo mariño



O MAR PRECISA DE NÓS.
POR TI, POR TODOS, POR UN MAR SEN LIXO